



## Concello de Xinzo de Limia

### DECRETO SELECCIÓN ASPIRANTE TRAS RENUNCIA E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVO/A OBRADOIRO DE EMPREGO DO PEREGRINO XINZO DE LIMIA SANDIÁS

Visto **DECRETO ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA BAREMACIÓN DE MÉRITOS E PUNTUACIÓN TOTAL. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVO/A OBRADOIRO DE EMPREGO DO PEREGRINO XINZO DE LIMIA E SANDIÁS 2024-2025** de data 28/11/2024.

Vista renuncia presentada pola aspirante dona Laura Grande Velo seleccionada como administrativa

#### RESOLVO

1) Aceptar a renuncia presentada pola aspirante dona Laura Grande Velo, seleccionada como administrativa.

2) Seleccionar ó primeiro aspirante da listaxe de reserva do Concello de Xinzo de Limia don JOSÉ FRANCISCO SANTANA DOVAL, como administrativo do obradoiro.

3) **Indicar á aspirante don JOSÉ FRANCISCO SANTANA DOVAL, que deberá achegar, antes do día 2 de decembro dos correntes a seguinte documentación, no caso de non tela aportado previamente:**

- a) *Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou documento que proceda.*
- b) *Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non ter sido inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.*
- c) *Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.*
- d) *Informe ou certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.*
- e) *Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.*
- f) *Indicación do número de conta bancaria.*
- g) *Tarxeta da Oficina de Emprego como demandante de emprego ou ben como mellora de emprego.*

4) Indicar que o réxime de recursos contra a presente resolución é o seguinte:

**“RECURSOS:** *Contra a presente resolución, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía de este Concello, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación da presente notificación colectiva, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben interpor*





## Concello de Xinzo de Limia

---

*directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación da presente notificación colectiva, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio.”*

6) Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia e do Concello de Sandiás.

7) Notificar o presente acordo o Concello de Sandiás, a Oficina de emprego de Xinzo de Limia e a Consellería de Emprego.

8) Dar conta da presente resolución ó Plenario municipal.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

